


Esta utilidade foi creada coa idea de que profesor e alumnado puidesen compartir arquivos dun determinado traballo, permitindo, nalgúns casos, o visionado directo na web sen necesidade da súa descarga.



A pestana de "Contido inicial" preséntanos, ao igual que o resto deste tipo de páxinas, o apartado dedicado á "xestión de usuarios" e "TemaUI", así como os seguintes apartados:

Cabeceira: Observe que existe unha casa que debe de marcar se desexa que se vexa o "título" desta páxina (na imaxe superior: U.D. Os ríos de España) así como o aspecto que este texto terá.

Directorio: Como observará na esquerda da imaxe superior debaixo de "Directorio" atópanse tres pestanas que van indicar, de esquerda a dereita, os arquivos compartidos (visibles por calquera usuario rexistrado, alumno ou profesor), os arquivos persoais (visibles unicamente para o seu propietario) e por último o lugar que, unicamente o profesor vai e na que atopan as carpetas de cada un dos alumnos.



Observe que neste apartado, ademais das etiquetas de cada un destas tres "carpetas" tamén debe de indicar o número máximo de MB que permitirá almacenar en cada carpeta, por defecto (imaxe da esquerda), cada profesor terá un espazo de 50 MB ao igual que cada alumno.

É moi conveniente que consulte, no caso de subir este xestor de arquivos a un servidor web en Internet, as condicións de espazo dispoñible que ten.

No fondo deste apartado deberá de introducir a mensaxe que aparecerá no caso de que calquera destes límites fose excedido.

Arquivo: aquí especificarase o tipo de arquivos que se poderán subir ao noso xestor.

The screenshot shows a web-based file manager interface titled "Archivo". It features several sections for selecting allowed file types:

- Imágenes:** Includes checkboxes for jpg, jpeg, gif, png, bmp, and svg.
- ViewerJS:** Includes checkboxes for odt, ods, odp, swx, swc, and sxi. A question mark icon is present next to this section.
- Archivo de video:** Includes checkboxes for mp4 and ogv.
- ZIP:** Includes checkboxes for zip, rar, tar, 7z, gzip, and bz2.
- Other:** Includes checkboxes for swf, txt, pdf, mp3, and ogg.

Below these sections, there is a text input field containing "php,ard,xml ...". Below that, there are three error messages:

- "File type not allowed" with a red warning icon and a ".xyz" file icon.
- "Máximo 20 MB" with a dropdown arrow and a red warning icon, followed by "File too large" with a red warning icon.
- "File already exists" with a red warning icon and two "abc.xyz" file icons.

Imaxes: Con tan só facer clic sobre o nome do arquivo a imaxe aparecerá na zona de visión. Algún navegador pode non mostrar nada no caso do formato svg.

ViewerJS: Aparecen baixo este epígrafe debido a que para o seu visionado se emprega unha ferramenta de código aberto chamado ViewerJS (www.viewerjs.org), pode atopar máis información pulsando sobre as "? " ou no apartado de "recoñecementos" na pestana "Etiqueta\Mensajes". Con esta utilidade poderemos ver calquera dos arquivos xerados por OpenOffice/LibreOffice.

Arquivos de vídeo e son: Permitiranos reproducir estes arquivos multimedia directamente en le navegador, sen ningún tipo de plugin. Consulte o manual de "Arquivos de audio e vídeo".

Arquivos swf, txt e pdf: úsanse os visores propios dos navegadores.

ZIP: Non hai ningún tipo de visionado. Unicamente se poden descargar.

En "php, ard, xml" pódense especificar outros formatos de arquivo permitidos para subir ao noso xestor con tan só escribir as súas extensións separados por comas.

Existen arquivos que poderían comprometer a seguridade do seu servidor polo que se informe ben en cada caso das consecuencias que pode traer permitir este tipo de arquivos.


Na seguinte liña deberá de escribir a mensaxe que aparecerá no caso de que se intente subir un tipo de arquivo non permitido.

A seguinte limita o **tamaño máximo do arquivo** así como a súa mensaxe de advertencia á hora de superar ese máximo.

Por último temos a mensaxe que aparece cando se intenta subir un arquivo que xa existe.


Ver: Refírese á zona de visionado onde debemos de indicar fundamentalmente etiquetas que aparecen no momento de situar o cursor do rato sobre a división entre "arquivos" e zona de visionado.

Na pestana "Etiqueta\Mensajes" atopamos ademais do apartado de recoñecementos os apartados referentes a "Upload" (suba de arquivos), "Carpeta" e o relativo aos botóns.



Upload: Na esquina inferior esquerda atopa o botón (ícona con frecha sinalando cara a arriba) que permite a suba de arquivos á carpeta seleccionada. Aquí deberá de especificar a etiqueta para ese botón como a etiqueta para o botón de "cancelar", estas etiquetas aparecen cando se sitúa o anaco enriba destes botóns. Tamén debe de introducir o título para a ventá que se abre ao pulsar no botón de upload.

Para subir os arquivos o usuario ha de pulsar o botón de upload e aparecerá unha ventá parecida á da seguinte imaxe. Neste exemplo o profesor tiña seleccionada a carpeta persoal de "Antonio".



Existen **dúas formas de indicar os arquivos que queremos subir**. A primeira facendo clic sobre a **área de puntos** (neste exemplo ten fondo verde escuro) onde aparecerá a típica ventá do sistema operativo para que indiquemos que arquivo queremos subir. Hai navegadores como IE que unicamente permiten esta forma.

A segunda é seleccionando directamente o/os arquivos e "**arrastralos**" a esta mesma zona.

Unha vez arrastrados ou seleccionados os arquivos que queremos subir aparecerán nesta ventá xunto co seu tamaño (este dato non é implementar por todos os navegadores), á súa esquerda aparece un recadro no que, se se estima oportuno, se pode introducir un comentario sobre o contido do arquivo, este comentario a vai posteriormente na zon de visión sobreimpreso no fondo xunto co seu nome, o nome de usuario que o subiu e a data na que o fixo (fíxese na primeira imaxe deste apartado).

Para subir unicamente quedanos pulsar o botón, podemos facelo para un determinado arquivo dos que xa teña na ventá (na mesma liña de cada arquivo aparece un botón de "subir" e outro de "cancelar") ou ben pulsar sobre o botón de subir situado no fondo esquerda da lista de arquivos.

Carpeta: Cada usuario pode, dentro do seu espazo crear as carpetas que considere oportunas **sempre e cando vostede marque a casa** correspondente a este apartado.



decida borrar unha carpeta.

Botóns: Neste apartado aparecen, entre outras, as etiquetas o botones de "Recarga" (cando se soben varios arquivos, ou distintos usuarios soben arquivos é necesario forzar a recarga dos datos para poder velos), "download" permite (se está marcada a casa) a descarga directa do arquivo seleccionado. "información" permite ver/non ver (se está marcada a casa) os comentarios introducidos en cada arquivo.

Ao igual que nas outras páxinas xa só nos queda gardar e publicar o noso traballo.

Debe de introducir a etiqueta para o botón de creación de carpetas (New fólder) así como o título que terá a ventá de diálogo que aparecerá a pulsala.

Tamén debe de introducir o texto que indique ao usuario que escriba o nome da nova carpeta.

Por último debe de escribir a etiqueta dos tres botóns de "aceptar" (crear a carpeta), "cancelar" ou "delete fólder" (borrar a carpeta).

Teña presente que para crear unha carpeta dentro doutra xa existente, previamente debeu de seleccionar a xa existente.

Os tres últimos son dúas mensaxes, un para cando non se introduciu ningún nome e o outro para indicar que a carpeta que se está a intentar introducir xa existe; e unha pregunta "de confirmación" cando se